

VI. ANUNCIOS

B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE PADERNE

ANUNCIO de requirimento de xestión da biomasa.

Ao ser preciso o cumprimento da obriga de xestión da biomasa vexetal e da retirada de árbores das especies incluídas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e conforme o establecido no artigo 22.3 da Lei 3/2007 e nos artigos 44 e 46.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando os interesados nun procedemento son descoñecidos, ou non sexa posible a notificación dos interesados, as notificacións efectuaranse por medio dun anuncio publicado no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado* cos datos catastrais do terreo; a eficacia do acto notificado quedará supeditada á publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Por medio deste anuncio comunícaselles ás persoas responsables a súa obriga de xestión da biomasa e/ou retirada de especies arbóreas prohibidas, para a cal son requiridas e se lles concede un prazo máximo de quince (15) días naturais desde a publicación no *Boletín Oficial del Estado* do anuncio preceptivo, co apercibimento de que, en caso de persistencia no incumprimento, pasado este prazo, o Concello poderá impoñer multas coercitivas reiteradas cada tres meses, ou ben proceder á execución subsidiaria a través da realización por parte da Administración das actuacións materiais necesarias, con repercusión dos custos:

Expediente núm.	Ref. catastral	Acto notificado	Interesados/a
2021/X999/000189	15065A504051250000HU	Decreto 188/2024, do 19 de abril	Herdeiros de Antonio Vidal Cagiao

Paderne, 11 de marzo de 2025

Sergio Platas Casal
Alcalde

CVE-DOG: ak56xyo4-egu4-xvi7-qon9-40641x6s2244

